

## **Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (Cuarto Informe do Comité de Expertos con respecto a España)**

### *3.2.6 O galego en Galicia*

#### **Artigo 8 — Educación**

##### **Parágrafo 1**

***No que respecta á educación, as Partes comprométense, no territorio no que se empregan as devanditas linguas, sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficia(s) do Estado, a:***

***a. i. ofrecer educación infantil nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;***

***b. i. ofrecer educación primaria nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;***

***c. i. ofrecer educación secundaria nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes;***

635. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que estes obxectivos se conseguiran parcialmente. Instaban con firmeza as autoridades a ofertaren educación en galego.

636. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, o Decreto 79/2010 establece que as linguas vehiculares no ensino de nenos e nenas entre tres e seis anos son o galego e o castelán. Para os nenos e nenas entre cero e tres anos, segundo os datos facilitados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que agrupa ao redor do 80% das escolas da rede *A Galiña Azul*, o 43,3% das clases impártense en galego e o 56,5% en castelán. O Artigo 5. 2. do Decreto, que estipulaba que o profesor utilizaría a lingua predominante na clase e trataría de ensinar a outra lingua cooficial aos nenos e nenas, foi suspendido polo Tribunal Superior de Galicia en 2012. A Inspección Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou os resultados dun estudo do curso 2012-2013 que amosaba que a lingua predominante entre o alumnado era o galego nun 46,6% das clases para os nenos e nenas entre tres e seis anos e o castelán nun 53,4% para esas mesmas clases.

637. Ademais, o decreto arriba amentado constata que na Educación Primaria se debe usar o castelán no ensino das Matemáticas e o galego no de Coñecemento do Medio, materia que inclúe contidos referidos a Xeografía,

Historia e Ciencias Naturais. Segundo o decreto, impartirase o 50% en galego e o 50% en castelán na Educación Secundaria. Este obxectivo semella claramente logrado, segundo un informe da Inspección Educativa do curso 2012-2013. Esta análise baséase nos datos recollidos nun 85% das escolas galegas e conclúe que un total do 50.9% das horas lectivas impártense en galego, o 47,5% en castelán e o 1.6% nunha lingua estranxeira.

638. Segundo a información proporcionada polos falantes durante a cuarta rolda de control, o Decreto 79/2010 tivo un impacto moi negativo ao establecer o 50% da docencia en galego, coa finalidade de acabala reducindo a un terzo, ao tempo que prohibía de xeito expreso o ensino das Matemáticas en galego na Educación Primaria e das Matemáticas, Tecnoloxía e Física e Química na Educación Secundaria. No que respecta á Educación Infantil, o galego só está presente a un nivel do 6,57% nas cidades de máis de 50 000 habitantes. A docencia das Ciencias Naturais só se imparte en castelán. Segundo a información proporcionada polos falantes, a introdución do bilingüismo levou a un descenso de horas docentes en galego.

639. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, a Consellería de Cultura e Educación puxo en marcha programas como *Nós tamén creamos* para fomentar a presenza do galego nas clases de Infantil e Primaria, fose cal fose a lingua predominante dos nenos e nenas. Estes programas inclúen a oferta de libros en galego, así como formación e asesoramento para o profesorado. Cada ano selecciónanse 60 colexios para participar en *Nós tamén creamos* e a o criterio de selección dá prioridade a aqueles colexios situados en ambientes castelán falantes, tal como determinaron os últimos datos sociolingüísticos dispoñibles. Adxudicouse un orzamento de 44 912.42 euros a este proxecto para o curso 2012-2013 e en 2014 o programa converteuse nun evento anual, estendéndose a súa duración e ofertándose a un abano máis amplo de profesorado.

640. O Comité de Expertos pon énfase en que o Decreto 79/2010 limita a docencia en galego a un máximo do 50% co obxectivo final de acabala reducindo a un terzo. Este feito supón un clara contradición cos compromisos asumidos polas autoridades no marco da Carta que reclama unha educación predominantemente en galego.

641. O Comité de Expertos considera que os obxectivos para o Ensino Infantil, Primario e Secundario non se cumpriron.

***O Comité de Expertos insta con firmeza as autoridades a ofertaren educación en galego en todos os niveis apropiados.***

***d. i. ofrecer formación técnica e profesional nas linguas rexionais ou***

***minoritarias pertinentes;***

642. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo se cumprira parcialmente. Tamén consideraba que se debía ofertar educación predominantemente en galego. O terceiro informe periódico indicaba que polo menos o 50% da educación se imparte en galego. Segundo o Artigo 9 do Decreto 79/2010 ambas as dúas linguas cooficiais deben usarse na docencia na mesma medida en cada centro.

643. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, os cambios lexislativos mencionados con anterioridade afectan tamén á Educación Profesional, que se rexe polo Decreto 79/2010, que establece un reparto equilibrado de horas de docencia nas dúas linguas cooficiais para garantir que o alumnado sexa competente en ambas. Este equilibrio debe estipulalo o Proxecto Lingüístico de Centro, que debe presentarse á Inspección Educativa para o seu control. Ademais, en cada módulo de Formación Técnica, o alumnado debe aprender o vocabulario específico en ambas as linguas oficiais.

644. Á vista do alto de nivel de compromiso que implica esta tarefa, o Comité de Expertos considera que debe ofertarse unha educación predominantemente en galego e considera que este obxectivo non se cumpriu.

***i. establecer un órgano ou órganos de supervisión para controlar as medidas adoptadas e o progreso á hora de establecer o desenvolver a docencia nas linguas rexionais ou minoritarias e preparar informes periódicos dos resultados que deberán facerse públicos.***

645. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo no estaba cumprido. Instaba as autoridades a proporcionar información no seguinte informe periódico.

646. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, o Servizo de Inspección Educativa da Consellería competente nesta área é responsable da inspección de todos os centros, servizos, programas e actividades que forman o sistema educativo en Galicia, tanto público coma privado, en todos os niveis.

647. No curso 2012-2013, incorporáronse ao programa de xestión informática para centros XADE campos específicos de entrada de datos nos que se rexistraba o uso do galego.

648. Segundo a información ofrecida polos falantes na visita *in situ*, contraria á información indicada no cuarto informe periódico das autoridades, o sistema de inspección non cumpre esta tarefa porque os datos recollidos vía XADE non se



consideran unha avaliación real e fiable da presenza do galego na educación. O goberno négase a proporcionar estudos independentes.

649. Ante a ausencia de información específica sobre os órganos de supervisión pertinentes no sentido da Carta e de produción e publicación dos informes periódicos, o Comité de Expertos mantén a súa conclusión previa e considera que este obxectivo non se cumpríu. Insta con firmeza as autoridades a proporcionar información sobre este obxectivo no próximo informe periódico.

## **Artigo 9 — As autoridades xudiciais**

### **Parágrafo 1**

***As Partes comprométense, no que respecta ás circunscricións xudiciais nas que o número de residentes que utilizan as linguas rexionais ou minoritarias xustifique as seguintes medidas específicas e segundo a situación de cada unha destas linguas e a condición de que a utilización das posibilidades ofrecidas polo presente parágrafo non sexa considerado polo xuíz un impedimento para a correcta administración de xustiza, a:***

#### **a. en procesos penais:**

***i. facilitar que os órganos xurisdicionais, a petición dunha das Partes, desenvolvan os procedementos nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou***

***ii. garantir ao acusado/a o dereito a empregar a súa lingua rexional ou minoritaria; e/ou***

***iii. asegurar que as demandas e as probas, tanto escritas coma orais, non sexan consideradas inadmisibles polo único feito de estar formuladas na lingua rexional ou minoritaria; e/ou***

***iv. producir, previa solicitude, os documentos relacionados cos procedementos legais nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes, se fose necesario, recorrendo ao uso de intérpretes e traducións que non supuxesen gastos adicionais para as persoas en cuestión;***

#### **b. en procesos civís:**

***i. facilitar que os órganos xurisdicionais, a petición dunha das Partes, desenvolvan os procedementos nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou***

***ii. permitir que, cando un litigante teña que comparecer en persoa perante un tribunal, el ou ela poida usar a súa lingua rexional ou minoritaria sen que iso lle ocasione ningún gasto adicional; e/ou***

***iii. permitir que os documentos e probas se expresen nas linguas rexionais ou minoritarias; se fose necesario, recorrendo ao uso de intérpretes e traducións,***

***c. en procesos ante órganos xurisdicionais pertinentes en materia administrativa:***

***i. facilitar que os órganos xurisdicionais, a petición dunha das Partes, desenvolvan o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias, e/ou***

***ii. permitir que, cando un litigante teña que comparecer en persoa perante un tribunal, el ou ela poida usar a súa lingua rexional ou minoritaria sen que iso lle ocasione ningún gasto adicional; e/ou***

***iii. permitir que os documentos e probas se expresen nas linguas rexionais ou minoritarias, se fose necesario, recorrendo ao uso de intérpretes e traducións;***

650. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos observou algunhas dificultades legais e prácticas no relativo ao Artigo 9. Nas roldas previas de control o Comité de Expertos identificou o Artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial como un dos maiores obstáculos para a aplicación plena do Artigo 9 da Carta en España. O artigo establecía que, en calquera procedemento xudicial, os xuíces/as, fiscais, procuradores/as, secretarios/as e outros/as funcionarios/as usen a lingua castelá e que o idioma cooficial se usará se ningunha das partes pon obxección. Polo tanto, non quedaba claro que as autoridades xudiciais, administrativas e civís debesen levar a cabo os procedementos en calquera das linguas cooficiais a petición dunha das partes.

651. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, a Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia, en colaboración coa SXPL (Secretaría Xeral de Política Lingüística), é a responsable do fomento do uso do galego na administración de xustiza. Entre as principais accións que se levaron a cabo a este respecto atópanse a publicación do *Diccionario Xurídico Galego*, a creación de equipos lingüísticos no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a creación do Portal Xurídico Galego<sup>1</sup>.

652. Durante a visita *in situ*, os representantes dos/as falantes chamaron a atención do Comité de Expertos sobre os problemas do uso do galego no Minerva, un software introducido en 2010 para os/as xuíces/zas e outro persoal xudicial que proporciona formularios usados nos procedementos xudiciais. O programa Minerva non permite procesar documentos en galego. Existen tamén problemas con outros programas. Durante a visita *in situ*, as autoridades galegas confirmaron a existencia de problemas que xorden do uso do programa Minerva e declararon que están tratando de solucionarlos.

653. Durante a visita *in situ*, os representantes dos falantes informaron ao

---

<sup>1</sup> [www.exustiza.es](http://www.exustiza.es)

Comité de Expertos das dificultades persistentes que teñen os xuíces e outros profesionais das xustiza para usar o galego nos procedementos legais a pesar do formación continua dos/as funcionarios/as do sistema xudicial.

654. Segundo a información proporcionada polas ONGs, non se precisa o coñecemento do galego para traballar como xuíz, fiscal ou rexistrador en Galicia. Só o 5% das sentencias se fan en galego.

655. Tendo como base a información que o Comité de Expertos tivo á súa disposición e a pesar de algunhas das dificultades prácticas persistentes con respecto ao Artigo 9, parágrafo 1. a ii, iii, iv – b ii e iii, c ii e iii, o Comité de Expertos conclúe que eses obxectivos seguen a estar cumpridos. Os obxectivos correspondentes ao Artigo 9., parágrafo 1.a i; b i; c i; permanecen en parte cumpridos.

***O Comité de Expertos insta as autoridades españolas a:***

***–corrixiren o marco legal para deixar claro que as autoridades xudiciais do penal, civil e administrativo en Galicia poidan desenvolver os procesos en galego a petición dunha parte;***

***–tomaren as medidas necesarias para garantir, cando sexa pertinente, que as partes dun procedemento son especificamente informadas da obriga que as autoridades xudiciais en Galicia teñen de desenvolver os procedementos en galego se unha parte así o pide, de conformidade cos obxectivos asinados por España baixo o Artigo 9, parágrafo 1.a.i, 1.b.i. e 1.c.i da Carta;***

***–tomaren as medidas necesarias para aumentar a proporción de persoal xudicial en Galicia en todos os niveis e particularmente entre os xuíces e fiscais, capaz de empregar o galego como idioma de traballo nos tribunais;***

***–desenvolveren modelos de formación adecuada tanto para persoal xudicial coma para avogados.***

***Parágrafo 3***

***As partes asumen facilitar os textos estatais estatutarios máis importantes nas linguas rexionais ou minoritarias, agás que se proporcionen doutra maneira.***

656. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo se cumprira parcialmente e instaba as autoridades a proporcionar a información que faltaba no seguinte informe periódico.

657. Non se proporcionou ningunha información no cuarto informe periódico.

658. As ONGs informaron o Comité de Expertos de que non había practicamente ningunha versión actualizada de textos legais en galego, nin en copia impresa, nin en formato electrónico nin en base de datos. As únicas



versións empregadas polos tribunais, e pagadas polos gobernos galego e español, son en castelán.

659. Á luz da información obtida, o Comité de Expertos considera que este obxectivo permanece só parcialmente cumprido e insta as autoridades a proporcionar a información que falta no próximo informe periódico.



## **Artigo 10 — Autoridades administrativas e servizos públicos**

### **Parágrafo 1**

***Nas circunscricións administrativas do Estado nas que o número de residentes usuarios/as das linguas rexionais ou minoritarias xustifiquen as medidas que figuran a continuación e segundo a situación de cada lingua, as Partes comprométense, na medida na que sexa razoablemente posible, a:***

***a. i. garantir que as autoridades administrativas empreguen as linguas rexionais ou minoritarias;***

660. No seu informe previo, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo estaba parcialmente cumprido.

661. O cuarto informe periódico non contiña información sobre este obxectivo. Porén, segundo un informe que facilitaron as autoridades ao Comité de Expertos, no 2013 ofrecéronse tres cursos de lingua aos/ás funcionarios/as públicos/as da administración estatal (un en cada provincia) en dous niveis: intermedio e avanzado.

662. Segundo a información proporcionada polas ONGs, houbo casos graves porque que o goberno central rexeitou aceptar documentos presentados en galego, por exemplo, cando se lles denegaron a ducias de estudantes bolsas de posgrao porque os seus certificados do título estaban en galego. Segundo as ONGs, non se deu ningún paso para garantir e avanzar na formación lingüística dos/as funcionarios/as públicos/as estatais, tal e como se indicou na declaración previa.

663. O Comité de Expertos mantén a súa conclusión previa de que este obxectivo se cumpriu parcialmente.

***b. facilitar amplamente formularios e textos administrativos para a poboación nas linguas rexionais ou minoritarias ou versións bilingües;***

664. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo estaba parcialmente cumprido e instaba as autoridades a continuar cos esforzos para ofrecer textos administrativos e, en especial, formularios en galego.

665. Segundo a información proporcionada polo cuarto informe periódico, houbo algunhas melloras en varios corpos de Administración Xeral do Estado,

a maior parte deles relacionados coa presenza do galego nos sitios web dos Ministerios.

666. Segundo a información facilitada polos representantes dos falantes ao Comité de Expertos durante a visita *in situ*, os documentos e formularios en galego ata hai pouco, agora só son accesibles en castelán. Isto é particularmente rechamante no caso da Axencia Tributaria, que retirou do seu sitio web algúns formularios de uso común accesibles en galego ata hai pouco. E aínda que ás veces existan modelos nas diferentes lingua oficiais, a Administración do Estado só distribúe versións en castelán, negándose a proporcionar copias en galego baixo petición. O Comité de Expertos pide ás autoridades que clarifiquen esta situación no próximo informe periódico.

667. Recoñecendo algúns avances positivos, o Comité de Expertos observa que aínda non existe unha proporción axeitada de textos administrativos estatais e de formularios para a poboación dispoñibles en galego ou bilingües e, polo tanto, conclúe que este obxectivo permanece parcialmente cumprido.

## **Parágrafo 2**

***No que respecta ás autoridades locais e rexionais en cuxos territorios exista un número de residentes usuarios/as das linguas rexionais ou minoritarias que xustifique as medidas que figuran a continuación, as Partes comprométense a permitir e/ou fomentar:***

***a. o uso das linguas rexionais ou minoritarias no marco da administración rexional ou local;***

***b. a posibilidade de que os usuarios/as das linguas rexionais ou minoritarias presenten solicitudes orais ou escritas nestas linguas;***

668. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos considerou que estes obxectivos se cumpriran.

669. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, a presentación da Rede de Dinamización Lingüística tivo un desenvolvemento significativo na promoción do uso do galego nas administracións públicas de Galicia. Os seus maiores obxectivos son a promoción da coordinación de accións no ámbito do goberno local. En xullo de 2013, esta rede estaba composta por 153 poderes locais, xunto cos concellos da Coruña, Pontevedra e Ourense. Este recurso en liña, apoiado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL), permite o diálogo continuo sobre temas lingüísticos entre os poderes locais e rexionais. O orzamento para as actividades da rede durante o período 2010-2013 ascendeu a 205,676.90 euros (3,740.03 euros en 2010, 62,045.83 euros en 2011, 69,031.42 euros en 2012 e 70,859.62 euros en 2013).

670. Durante a visita *in situ*, os representantes dos falantes chamaron a atención ao Comité de Expertos sobre o feito de que as subvencións aos poderes locais para promover o galego se reduciran. Mentres que o orzamento para este fin en 2005 foi da orde de 751,266 euros e de 801,708 euros en 2009, nos últimos anos reducírase á metade ou a menos da metade: 520,000 euros para 2011-2012 e 400,000 e 300,000 euros para 2013 e 2014, respectivamente. Na práctica, isto levou ao peche de máis dun terzo dos servizos de normalización lingüística existentes nos concellos.

671. Segundo a información proporcionada por fontes das ONGs ao Comité de Expertos durante a visita *in situ*, a Xunta de Galicia deixou de coordinar algunhas das actividades promovidas polos servizos de normalización lingüística dos concellos a raíz da creación da Rede de Dinamización Lingüística en 2011.

672. O Comité de Expertos considera que estes obxectivos seguen a estar cumpridos, pero pide que se lle aclaren os efectos relacionados co peche de moitos servizos de normalización lingüística nos concellos.

### **Parágrafo 3**

***No que respecta aos servizos públicos proporcionados polas autoridades administrativas ou outras persoas que actúen no seu nome, as Partes comprométense, no territorio no que se empregan as linguas rexionais ou minoritarias, de acordo coa situación de cada lingua e na medida en que sexa razoablemente posible, a:***

***a garantir que as linguas rexionais ou minoritarias se empreguen na prestación do servizo;***

673. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo se cumprira parcialmente.

674. Non se proporcionou ningunha información nova no cuarto informe periódico.

675. Durante a visita *in situ*, os representantes dos falantes informaron ao Comité de Expertos de que a privatización dos servizos dos concellos e/ou a súa externalización conduciu a unha detención do uso do galego. En xeral, os servizos públicos que dependían da administración do goberno español non garanten a provisión de servizos en galego.

676. O Comité de Expertos considera que este obxectivo segue a estar parcialmente cumprido.

#### **Parágrafo 4**

**Co fin de aplicar as disposicións dos parágrafos 1, 2 e 3 por elas aceptados, as Partes comprométense a adoptar unha ou máis das seguintes medidas:**

##### **a. tradución ou interpretación cando se requira**

677. Nas roldas previas de control, o Comité de Expertos considerou que este obxectivo se cumprira.

678. Segundo a información proporcionada polo cuarto informe periódico, no Ministerio de Traballo e da Seguridade Social o 72% dos contidos dos sitios web da Tesourería da Seguridade Social foi traducido ás linguas cooficiais en 2010 e ao redor do 96% en 2013. Ademais, o Instituto Nacional de Emprego traduciu todos os modelos de contratos laborais ás linguas cooficiais a comezos do 2013 e proporcionou traducións a estas linguas da meirande parte da información fixa sobre os beneficios de desemprego no seu sitio web.

679. No Ministerio de Fomento, o contido do sitio web de Aeroportos Españóis e Navegación Aérea (AENA) pódese consultar en todas as linguas cooficiais. Ademais, é posible mercar billetes e obter información do servizo ferroviario nas linguas cooficiais na Rede Nacional de Ferrocarrís Españóis (RENFE) dende 2009.

680. No Ministerio do Interior, aparece unha considerable proporción de información e material electoral, como se di máis arriba, nas linguas cooficiais a través dos correspondentes sitios web. Igualmente importante é o uso das linguas cooficiais no sitio web da Oficina do Goberno para a Violencia de Xénero. Tamén o sitio web da Garda Civil permite agora traducir os menús e submenús ás linguas cooficiais. Así mesmo, a Dirección Xeral da Policía está traballando nunha aplicación informática para recibir e tramitar informes de delitos nas linguas cooficiais.

681. No Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o 99% dos contidos dos sitios web da Secretaria de Estado de Orzamentos e Gastos e da Intervención Xeral da Administración do Estado aparece traducido nas linguas cooficiais. Ademais, o sitio web da Secretaría de Estado para as Administracións Públicas está dispoñible nas linguas cooficiais e neste momento ten máis de 200 páxinas traducidas a estas linguas.

682. O Comité de Expertos considera que estes obxectivos se cumpriron.

##### **b. contratación e, no seu caso, formación dos/as funcionarios/as e outros/as empregados/as necesarios/as para os servizos públicos;**



683. No terceiro informe de avaliacións, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo estaba parcialmente cumprido a nivel estatal e cumprido a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia.

684. Non se facilita información específica no cuarto informe periódico.

685. O Comité de Expertos considera que este obxectivo está parcialmente cumprido a nivel estatal e cumprido a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Artigo 11 — Medios de comunicación

### Parágrafo 1

***As Partes comprométense, para os usuarios das linguas rexionais ou minoritarias nos territorios nos que se falan as devanditas linguas, segundo sexa a situación de cada lingua, na medida na que os poderes públicos directa ou indirectamente teñan competencias, atribucións ou xoguen un papel neste ámbito, respectando o principio de independencia e autonomía dos medios de comunicación a:***

***b. i. fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha emisora de radio nas linguas rexionais ou minoritarias;***

686. No seu terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo non se cumprira.

687. Segundo o cuarto informe periódico, houbo unha proliferación de medios locais, tanto públicos coma privados, que usan o galego. Estes medios teñen grande audiencia nas súas zonas e o seu seguimento medra cada vez máis como consecuencia da proximidade da información que proporcionan. Estes medios son Radio Fene, Radio Estrada e Radio Oleiros.

688. O Comité de Expertos, por tanto, conclúe que este obxectivo está parcialmente cumprido.

***c. i. fomentar e/ou facilitar a creación de, polo menos, unha canle de televisión nas linguas rexionais e minoritarias;***

689. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo non se cumprira.

690. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, houbo unha proliferación de medios locais, tanto públicos coma privados, que usan o galego. Estes medios teñen grande audiencia nas súas zonas e o seu seguimento medra cada vez máis como consecuencia da proximidade da información que proporcionan. Estes medios son Canal Rías Baixas TV, Correo TV e Santiago TV.

691. Durante a visita *in situ*, os representantes dos falantes declararon que o galego nunca se usaba na práctica nos canais de televisión privada españois e na única televisión privada galega o número de programas en galego era moi reducido. A Xunta de Galicia semellaba non ser moi activa á hora de asegurar

o cumprimento do mínimo do 50% establecido pola licenza.

692. Á luz da información recibida, o Comité de Expertos conclúe que o obxectivo se cumpriu parcialmente.

***d. fomentar e/ou facilitar a produción e distribución de obras sonoras e audiovisuais nas linguas rexionais ou minoritarias;***

693. No terceiro informe de avaliación recibido, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo se cumprira. Pedía ás autoridades que fixeran comentarios sobre este tema no seguinte informe periódico.

694. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, as películas e as series emitidas na Televisión de Galicia, dóbranse ao galego. Os índices de audiencia confirman que as películas dobradas ao galego son tan populares entre os espectadores coma as mesmas películas dobradas ao castelán. O gasto anual de dobraxe en Galicia é de 3.3 millóns de euros.

695. No que se refire aos medios audiovisuais que non dependen da Xunta de Galicia, os programas rexionais da Radiotelevisión Española (RTVE) emítense principalmente en galego coa colaboración dun equipo de lingüistas que garante a calidade dos textos que se producen.

696. Durante a visita *in situ*, o Comité de Expertos recibiu información adicional dos representantes dos falantes sobre restricións orzamentarias no sector audiovisual. Houbo recortes significativos nas medidas de promoción. Películas galegas como *Vilamor* ou *O apóstolo* tiveron grandes problemas no tocante á distribución nas salas comerciais.

697. O orzamento para dobraxes na Compañía da Radiotelevisión de Galicia (CRTVG) descendeu de 3.3 millóns de euros en 2012 a 1.5 millóns de euros en 2013 e non se dobrou ningunha película ata agora no 2014.

698. Tendo en conta a información adicional proporcionada, o Comité de Expertos considera que os obxectivos seguen a estar cumpridos e pide ás autoridades que fagan comentarios sobre este obxectivo no próximo informe periódico.

***e i fomentar e/ou facilitar a creación e/ou mantemento de polo menos un periódico nas linguas rexionais ou minoritarias;***

699. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo se cumprira parcialmente.

700. Segundo a información proporcionada polo cuarto informe periódico, o formato de xornal dixital, que ofrece contidos exclusivamente ou principalmente

en galego, permitiu aos editores cambiar o formato en papel por unha maior presenza en liña. Este é o caso de *Galicia Hoxe*<sup>2</sup>, *Xornal de Galicia*<sup>3</sup> e outros que optan cada vez máis polo medio dixital como forma de difusión. O último grupo inclúe a *Galicia Confidencial*<sup>4</sup>, que ten 6000 lectores diarios, *Noticieirol Galego*<sup>5</sup> e *Praza Pública*<sup>6</sup>, entre moitos outros. Na actualidade publícanse moitas cabeceiras integramente en galego.

701. Ademais, a meirande parte das publicacións cunha presenza significativa no formato en papel teñen tamén unha versión dixital en galego, grazas aos tradutores automáticos dos seus sitios web. Este é o caso de *La Voz de Galicia*<sup>7</sup>, *Faro de Vigo*<sup>8</sup> e *El Progreso*<sup>9</sup>.

702. A Secretaria Xeral de Política Lingüística asinou convenios de colaboración coas axencias que proporcionan os grandes volumes de información, i.e., *Europa Press Communication SA*, *Agencia Efe SA* e *Axencia Galega de Noticias*. A primeira Asociación da Prensa Galega apareceu en 2013. Este órgano asociativo foi creado coa finalidade de promover, coordinar e fortalecer a presenza de medios escritos por completo en galego.

703. Segundo a información proporcionada polas ONGs, as subvencións públicas concedidas aos medios en Galicia reducíronse de xeito drástico.

704. Durante a visita *in situ*, as ONGs informaron ao Comité de Expertos de que non había ningún xornal diario publicado integramente en galego e de que só había un semanario, *Sermos Galiza*. A redución das subvencións levou ao peche dos xornais que empregaban o galego: *Galicia Hoxe* (integramente en galego, agora só dispoñible en liña), *Xornal de Galicia* (cun 40% aprox. en galego) e *De Luns a Venres*, todos pechados en 2011, amais de *A Nosa Terra*, que tamén se deixou de publicar.

705. O Comité de Expertos é consciente dos cambios neste ámbito e celebra a presenza de medios en liña en galego. Porén, anima ás autoridades a explorar, en cooperación cos falantes, as posibilidades da presenza dun xornal impreso.

## **Parágrafo 2**

***As Partes comprométense a garantir a liberdade de recepción directa das emisións de radio e televisión dos países veciños nunha lingua usada de forma similar ou idéntica á unha lingua rexional ou minoritaria e a non***

---

<sup>2</sup> <http://www.galiciahoxe.com>

<sup>3</sup> <http://xornalg Galicia.com>

<sup>4</sup> <http://www.galiciaconfidencial.com>

<sup>5</sup> <http://noticieirogalego.com>

<sup>6</sup> <http://praza.com>

<sup>7</sup> <http://www.lavozdeg Galicia.es/?idioma=galego>

<sup>8</sup> <http://galego.farodevigo.es>

<sup>9</sup> <http://elprogreso.galiciae.com/?lang=gl>



***opoñerse á retransmisión das emisións de radio e televisión dos países veciños na devandita lingua. Así mesmo, comprométese a garantir que non se imporán restricións á liberdade de expresión e á libre circulación da información na prensa escrita nunha lingua empregada de forma idéntica ou similar a unha lingua rexional ou minoritaria. O exercicio das liberdades mencionadas con anterioridade, como implica deberes e responsabilidades, pode ser sometido a certas formalidades, condicións, restricións ou sancións previstas pola lei e necesarias nunha sociedade democrática, no interese da seguridade nacional, a integridade territorial ou a seguridade pública, para a prevención de infraccións penais, a protección da saúde ou da moral e a protección da reputación e dos dereitos alleos, para impedir a divulgación de información confidencial ou para garantir a autoridade e a imparcialidade do poder xudicial.***

706. Nas roldas previas de control, o Comité de Expertos considerou que estes obxectivos se cumpriran. No terceiro informe, animaba as autoridades a promover con acordos coas autoridades portuguesas a recepción dos canais da televisión portuguesa en Galicia.

707. Non se proporcionou información no cuarto informe de avaliación.

708. Durante a visita *in situ*, os representantes dos falantes chamaron a atención do Comité de Expertos sobre o feito de que era imposible recibir a radio e a televisión portuguesas en Galicia a pesar da proximidade lingüística e cultural e a pesar da vontade de Portugal de traballar xunto ao Goberno español para facelo posible. O Goberno español non abordou a cuestión coa finalidade de chegar a un acordo.

709. Durante a visita *in situ*, as ONGs informaron ao Comité de Expertos de que en 2011 se levou a cabo unha iniciativa cidadá para impeler á Xunta de Galicia a negociar un acordo co Goberno portugués para facilitar a recepción da radio e televisión portuguesas en Galicia. O Comité de Expertos tamén recibiu información con respecto a un acordo asinado polas autoridades galegas e portuguesas sobre o ensino do portugués en Galicia. O Comité de Expertos agarda que este acordo teña un efecto positivo sobre a recepción audiovisual portuguesa en Galicia.

710. O Comité de Expertos non está en condicións de poder tirar unha conclusión sobre este tema e pide ás autoridades que proporcionen información no próximo informe periódico. Anima as autoridades a fomentar de maneira activa a recepción dos canais de radio e televisión portuguesas en Galicia.

## Artigo 12 — Actividades e servizos culturais

***Con respecto ás actividades e servizos culturais —en especial bibliotecas, videotecas, centros culturais, museos, arquivos, academias, teatros e cines, así como traballos literarios e produción cinematográfica, formas vernáculas de expresión cultural, festivais, industrias culturais que inclúan, inter alia, o uso das novas tecnoloxías—, as Partes comprométense, no territorio no que se empregan as devanditas linguas e na medida na que os poderes públicos teñan competencias, atribucións ou un papel neste ámbito, a:***

***e. promover medidas para asegurar que os órganos responsables de organizar e apoiar as actividades culturais teñan á súa disposición persoal que domine a lingua rexional ou minoritaria en cuestión, así como a(s) lingua(s) do resto da poboación;***

***f. animar á participación directa dos representantes dos falantes dunha determinada lingua rexional ou minoritaria proporcionando os servizos e planificando as actividades culturais;***

711. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos considerou que estes obxectivos se cumpriran.

712. A Xunta de Galicia, e en particular a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, apoia as actividades culturais de diferentes organizacións e institucións no seu territorio que desenvolven a promoción e o uso da lingua galega. Para este fin, establecéronse convenios de colaboración, de axuda financeira e doutras formas de apoio. Este traballo para promover a presenza do galego conta coa asistencia da Secretaria Xeral de Política Lingüística (SXPL) e da Secretaría Xeral de Cultura. Ata o momento, as axudas destas dúas institucións a proxectos desta natureza ascendeu a 1,004,923,23 euros (298,498.23 en 2010 e 235,475 cada ano en 2011, 2012 e 2013).

713. Durante o período 2009-2012, as 18 entidades principais que traballan en Galicia nas artes escénicas recibiron da Xunta de Galicia un total de 5,312,398.

714. A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) forma parte da Secretaría Xeral de Cultura (SXC) e gran parte da súa extensa produción está en galego. AGADIC é directamente responsable da xestión de tres importantes canais de distribución teatral e musical. A Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas, a Rede Galega de Música ao Vivo e as Rutas Culturais garanten de maneira conxunta a estabilidade na programación de espectáculos e concertos con acento galego, mentres que contribúen a proporcionar un órgano amplo, plural e aberto de actividades culturais tanto en termos de contido como de descentralización xeográfica. Como exemplo da

contribución de AGADIC á promoción do galego, cómpre dicir que ofreceu axudas en 2011 para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual en Galicia.

715. O Comité de Expertos considera que estes obxectivos se cumpriron.

***g. fomentar e/ou facilitar a creación dun organismo ou organismos encargado de recoller, recibir en depósito e presentar ou publicar obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias;***

716. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo estaba parcialmente cumprido. Instaba as autoridades a proporcionar información para a seguinte avaliación verbo dos traballos de audio, audiovisuais e outros en galego.

717. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades publicou máis de 150 libros en galego dende o seu inicio.

718. O Instituto da Lingua Galega, centro universitario de investigación lingüística, foi creado en 1971 pola Universidade de Santiago de Compostela co fin de promover o cultivo e a normalización do galego e as investigacións sincrónicas e diacrónicas sobre este tema. A Xunta de Galicia cofinanciou algún dos seus proxectos, entre os que se inclúe o Arquivo Oral da Lingua Galega, que se presentou en xuño de 2011. Asígnouse un orzamento de 548,523 euros a este proxecto (156,688 en 2010, 130,000 en 2011, 139,945 en 2012 e 121,890 en 2013).

719. A Real Academia Galega (RAG) é responsable para establecer a política lingüística do galego e toma tamén decisións sobre cuestións de terminoloxía galega a través da súa axencia Termigal, que vén traballando dende hai 10 anos baixo un convenio entre a RAG e a Xunta de Galicia. A Real Academia Galega recibe un financiamento anual de 550,000 euros da Xunta de Galicia para programas como o Dicionario RAG, o traballo máis amplo e innovador de lexicografía producido ata o momento por esta institución, que define e lexitima o léxico do galego<sup>10</sup>.

720. O Consello da Cultura Galega (CCG), ademais das súas funcións como órgano asesor, leva a cabo investigacións en diversos ámbitos da cultura (lingua, comunicación, historia, arte etc). Unha nova iniciativa do Consello é *Lingua en Titulares*<sup>11</sup>, un xornal dixital sobre temas relativos á lingua galega, que compila información das redes sociais e dun grande abano de medios electrónicos. Para esta acción, a Xunta de Galicia contribuíu con 146,500 euros

<sup>10</sup> <http://www.realacademiagalega.org/diccionario>

<sup>11</sup> <http://diario.consellodacultura.org/gl/>

no período 2010-2013. O cccg tamén acolle o Centro Galego de Documentación Sociolingüística, que ten como principal obxectivo participar na normalización da lingua galega.

721. O Comité de Expertos considera que agora se cumpriu o obxectivo e anima as autoridades a proporcionar información na próxima rolda de avaliación sobre outros traballos en galego.

## Parágrafo 2

No que respecta aos territorios distintos daqueles nos que se empregan tradicionalmente as linguas rexionais ou minoritarias, as Partes comprométense, se o número de usuarios/as da lingua rexional ou minoritaria así o xustifica, a autorizar, fomentar e/ou facilitar as actividades culturais correspondentes e os servizos necesarios de conformidade co parágrafo anterior.

722. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo estaba parcialmente cumprido. Instaba as autoridades a proporcionar a información pertinente no seguinte informe periódico.

723. Segundo o cuarto informe periódico, a Xunta de Galicia participou no Protocolo de Colaboración asinado con Cataluña, o País Vasco e as Illas Baleares e, como resultado disto, leváronse a cabo varias actividades culturais.

724. O Comité de Expertos considera que o obxectivo agora se cumpriu.

## Artigo 13 — Vida económica e social

### **Parágrafo 2**

***No que respecta ás actividades económicas e sociais, as Partes comprométense, na medida na que os poderes públicos teñan competencias, no territorio no que se empregan as linguas rexionais ou minoritarias e na medida na que sexa razoablemente posible, a:***

***a. incluír nos seus regulamentos financeiros e bancarios disposicións que permitan, por medio de procedementos compatibles cos usos comerciais, o emprego das linguas rexionais ou minoritarias na redacción de ordes de pagamento (cheques, letras de cambio etc.) ou outros documentos financeiros ou, no seu caso, garantir a aplicación das devanditas disposicións;***

725. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo estaba parcialmente cumprido.

726. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, o galego está incorporándose gradualmente nos documentos financeiros e bancarios. A opción de lingua galega activouse en moitos caixeiros automáticos e nalgúns casos automaticamente cando se insire a tarxeta, se o cliente previamente manifestou esta preferencia. En xeral, os anuncios e os carteis atópanse dende hai tempo en galego ou bilingües.

727. Con respecto ao uso do galego nas hipotecas, requírese que os notarios e os rexistros leven a cabo os procedementos e rexistros en galego sen ningún custo adicional e sen retraso engadido á hora de realizar os actos administrativos.

728. Segundo a información proporcionada polos representantes dos falantes, as caixas de aforro galegas (Caixa Galicia e Caixanova) deron pasos para incorporar o galego nas súas actividades durante os períodos previos, mantendo o uso do integral do galego na súa publicidade, nos caixeiros automáticos etc. O banco que tomou o seu relevo (Abanca) deixou de proporcionar versións galegas de moitos documentos, contratos e procedementos comúns, incluíndo a banca en liña.

729. O Comité de Expertos mantén a conclusión previa de que o obxectivo permanece parcialmente cumprido.

***b nos sectores económicos e sociais baixo o seu control directo (sector público), realizar accións que fomenten o emprego das linguas rexionais ou minoritarias;***

730. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo non se cumprira.

731. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, o Artigo 25 da Lei 3/1983 do 15 de xuño sobre Normalización Lingüística, estipula que a Xunta de Galicia e os poderes locais responsables diso deben promover o uso do galego no comercio, na publicidade, na cultura, nas asociacións e no deporte.

732. En 2013, os acordos concluídos na provincia de Ourense e na Comunidade Autónoma publicáronse en edicións bilingües porque así apareceron na Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no Boletín Oficial de Galicia. Dos 89 acordos restantes, os que correspondían á Coruña, Lugo e Pontevedra, 37 (oito sectoriais e 29 específicos de empresa) publicáronse en galego e os 52 restantes (cinco sectoriais e 47 específicos de empresa) en castelán.

733. O Comité de Expertos considera que este obxectivo está agora cumprido.

***c. asegurar que os servizos sociais como hospitais, residencias de anciáns e albergues ofrezan a posibilidade de recibir e atender na súa propia lingua empregando unha lingua rexional ou minoritaria a aqueles que precisen coidados por mor da enfermidade, a idade ou outras razóns;***

734. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo se cumprira só parcialmente. E instaba tamén as autoridades a garantir que os servizos sociais ofrecesen aos falantes galegos a posibilidade de ser recibidos e tratados na súa lingua.

735. Non se proporcionou nova información neste cuarto informe periódico.

736. Durante a visita *in situ*, as ONGs informaron ao Comité de Expertos das dificultades que se atopaban os pacientes. Mentres que o galego se usaba formalmente en parte dos documentos no Servizo Galego de Saúde (SERGAS), moitos sanitarios non son quen de atender os seus pacientes en galego. Este dereito non se garante no caso da comunicación escrita e as ONGs refiren casos nos que varios hospitais do SERGAS retrasaron cirurxías durante meses porque os pacientes asinaron os formularios de consentimento en galego. A situación no sector privado aínda é peor, pois non se utiliza o galego en ningunha situación.

737. O Comité de Expertos conclúe que este obxectivo permanece parcialmente cumprido. Insta as autoridades a garantir que os servizos sociais ofrezan a posibilidade aos galegofalantes a ser recibidos e tratados na súa lingua.

***d. asegurar cos medios apropiados que as instrucións de seguridade se atopen tamén redactadas nas linguas rexionais ou minoritarias;***

738. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo non se cumprira. Instaba as autoridades a incluír información pertinente no seguinte informe periódico.

739. Non se proporcionou información no cuarto informe periódico.

740. Durante a visita *in situ*, as ONGs informaron ao Comité de Expertos dos problemas persistentes que tiñan os consumidores. As instrucións de seguridade nos lugares de construción, nos ascensores, as instrucións en caso de incendio etc, só se atopan en castelán e ata o momento non existen normativas no tocante ao dereito á información en galego.

741. O Comité de Expertos conclúe, por tanto, que este obxectivo permanece non cumprido. Insta as autoridades a incluír información pertinente no seu próximo informe periódico.

## Artigo 14 — Intercambios transfronteirizos

### ***As Partes comprométense a:***

***b en beneficio das linguas rexionais ou minoritarias, facilitar e/ou promover a cooperación a través das fronteiras, en particular entre as autoridades locais ou rexionais en cuxo territorio se fala a mesma lingua de maneira idéntica ou similar.***

742. Na roldas de control previas, o Comité de Expertos consideraba que este obxectivo se cumprira. No terceiro informe de avaliación, o Comité de Expertos pediulle ás autoridades a que proporcionasen información sobre a aplicación práctica deste obxectivo no seguinte informe periódico.

743. O cuarto informe periódico proporcionaba algunha información sobre este obxectivo. O 17, 18 e 19 de outubro de 2013, Galicia formou parte da Feira Lingüística celebrada en Minde (Portugal) que incluía unha sesión sobre a lingua galega.

744. Segundo a información proporcionada no cuarto informe periódico, a Secretaría Xeral de Política Lingüística participou, financiou e colaborou en proxectos transfronteirizos que tiñan como obxectivo o intercambio de experiencias lingüísticas e culturais entre Galicia e Portugal. Destaca a este respecto a experiencia educativa “Ponte... nas ondas!” entre centros escolares de Primaria e Secundaria de Galicia e o norte de Portugal coa participación doutros países. Estes son encontros de todo un día que empezan cunha emisión radiofónica que dura 12 horas, producida de xeito íntegro polos estudantes galegos e portugueses. Dende daquela, isto estendeuse ata alcanzar as 24 horas de emisión con programas producidos por máis de 50 centros escolares.

745. Durante a visita *in situ*, os representantes dos falantes informaron ao Comité de Expertos de que a cooperación entre as autoridades galegas e portuguesas, ao igual que a cooperación liderada pola Xunta de Galicia, era insignificante.

746. O Comité de Expertos conclúe que este obxectivo permanece cumprido.